



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Data e hora de celebración

Xoves, 13 de xuño do 2024, ás 10:30 horas.

Lugar de celebración

Sala de Xuntas da Casa do Concello.

Asistentes

- **Presidenta:** D^a Sandra Fernández Fernández, Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación.
- **Vocais:**
 - D^a M^a Pilar Cela Álvarez, Secretaria Accidental do Concello
 - D. Vicente José Calvo del Castillo, Interventor Municipal.
 - D. Marcos Veiga Rodríguez, Xefe do Servizo de Interior.
- **Secretario da Mesa:** D. José Manuel Díaz García, administrativo da área de Contratación
- **Técnicos asistentes:**
 - D. Juan Ramón García Fernández, D. José Luis Jares Vázquez, D. David Puñal Prol e D^a Alejandra Zapata Maceiras; integrantes do Comité de Expertos designado para avaliar os sobres nº 2 da licitación 2024/CONTRAT/000043
- **Público asistente:**
 - D. Daniel Barciela Rial en representación de “FCC Medio Ambiente, S.A.U.”, D. Julio Cazón Varela en representación da “UTE López Cao – Jardinería Arce” e D. Alejandro Puig García en representación de “Valoriza Servicios Medioambientales, S.A.” ; todos eles para a licitación nº 2024/CONTRAT/000043

Habendo quórum, procédese a tratar os seguintes asuntos que figuran na Orde do Día:





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

ORDE DO DÍA

1.- 2024/CONTRAT/000043: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE OLEIROS

Acto público de:

- Valoración dos sobres nº 2 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa)
- Apertura, se procede, dos sobres nº 3 (criterios obxectivos suxeitos a avaliación posterior)
- Valoración, se procede, dos sobres nº 3.
- Proposta de adxudicación, se procede

2.- 2024/CONTRAT/000046: 2ª LICITACIÓN DO ALLEAMENTO DE PARCELAS PARA A CONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS PLURIFAMILIARES INTEGRANTES DO PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO, POR PROCEDIMENTO DE POXA.

Acto non público de:

- Apertura dos sobres "A" (documentación administrativa).

Acto público de:

- Apertura, se procede, dos sobres "B" (proposición económica).
- Valoración, se procede, dos sobres "B".
- Proposta de adxudicación, se procede.





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

1.- 2024/CONTRAT/000043: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE OLEIROS

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión que tivo lugar o día 23 de abril do 2024, aprobouse o procedemento aberto para a contratación do servizo denominado “SERVIZO LIMPEZA VIARIA NO CONCELLO DE OLEIROS”.

O importe de licitación, para un prazo de duración de catro anos, é de 4.270.513,40 € ao que se lle engade o 10% IVE (427.051,34 €), o que supón un importe total de 4.697.564,74 €

Para os efectos de presentación de ofertas enviouse anuncio ao DOUE o día 25 de abril do 2024 sendo publicado o día 26 de abril do 2024; e tamén se publicou anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 26 de abril do 2024.

Rematado o día 27 de maio do 2024 o prazo de presentación de ofertas resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L. - JARDINERÍA ARCE, S.L.	B15072713-B15547979	27/05/2024 12:01:04
FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U.	A28541639	27/05/2024 14:08:14
VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.	A28760692	27/05/2024 15:56:50

A Mesa de Contratación, reunida o pasado día 30 de maio do 2024, procedeu á apertura e comprobación do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polas empresas licitadoras denominado “Documentación administrativa” e acordou admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.

A continuación procedeuse a apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 2 denominado “Proposta suxeita a avaliación previa”, o cal foi remitido a informe do Comité de Expertos designado ao efecto, para que fosen avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo XIII do PCAP.

O Comité de Expertos emite informe técnico de valoración das ofertas suxeitas a xuízo de valor, asinado polos seus membros os días 12 e 13 de xuño do 2024.

Procedería que, neste acto, a Mesa tomase coñecemento do devandito informe e procedera, se é o caso, á apertura da documentación contida no sobre nº 3 denominado “Oferta económica e proposta suxeita a avaliación posterior”.

Así, a continuación, a Mesa procede, en acto público ao que asisten D. Daniel Barciela Rial en representación de “FCC Medio Ambiente, S.A.U.”, D. Julio Cazón Varela en representación da “UTE López Cao – Jardinería Arce” e D. Alejandro Puig García en representación de “Valoriza Servicios Medioambientales, S.A.”; a tomar coñecemento do informe técnico emitido ao respecto dos sobres nº 2 e á posterior apertura, se é o caso, da documentación contida nos sobres nº 3.





Deste xeito, por un dos membros do Comité de Expertos, procédese a dar lectura ao citado informe.

Do informe emitido, que se publicará na PLACSP xunto coa Acta desta Mesa, extráense as seguintes puntuacións das empresas admitidas para os criterios subxectivos a valorar consonte ao PCAP:

SOBRES 2 CRITERIOS SUBXECTIVOS	UTE LÓPEZ CAO - ARCE	FCC	VALORIZA
1 Análise de condicionantes no ámbito do servizo	9,75 / 10,00	6,50 / 10,00	6,00 / 10,00
2. Metodoloxía e organización do servizo	22,85 / 25,00	15,75 / 25,00	11,50 / 25,00
2.1 Metodoloxía de traballo	13,50 / 15,00	10,50 / 15,00	6,50 / 15,00
2.2 Plans de mantemento específicos	4,35 / 5,00	2,75 / 5,00	2,00 / 5,00
2.3 Organización operativa do servizo	5,00 / 5,00	2,50 / 5,00	3,00 / 5,00
3 Control e seguimento do servizo.	5,00 / 5,00	5,00 / 5,00	5,00 / 5,00
TOTALES	37,60 / 40,00	27,25 / 40,00	22,50 / 40,00

Neste intre, antes de proceder á apertura do seguinte sobre, a Mesa pregunta aos asistentes se queren facer algunha pregunta ao respecto do informe exposto.

Non facéndose ningunha pregunta, a continuación, a Mesa procede á apertura e comprobación da documentación contida no sobre número 3, correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas. Esta documentación é remitida aos servizos económicos da Mesa para a súa avaliación.

Así, os servizos económicos da Mesa de Contratación, unha vez comprobado que, consonte ao establecido nos pregos, as ofertas presentadas non se atopan en situación de oferta anormalmente baixa, proceden a valoralas e puntualas. O resumo das ofertas presentadas e as súas puntuacións achégase no seguinte cadro:





CRITERIO		LÓPEZ CAO – ARCE UTE	FCC	VALORIZA
Oferta económica	Importe	4.015.000,00 € (4.416.500,00 € IVE incl.)	3.832.824,00 € (4.216.106,40 € IVE incl.)	4.078.340,28 € (4.486.174,31 € IVE incl.)
	Puntos	13,95 / 50,00	23,92 / 50,00	10,50 / 50,00
Mellora.- reparación pequenos danos	Si / Non	Si	Si	Si
	Puntos	10,00 / 10,00	10,00 / 10,00	10,00 / 10,00
PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE 3		23,95 / 60,00	33,92 / 60,00	20,50 / 60,00

Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	Sobre 2	Sobre 3	TOTAL
1	CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L. - JARDINERÍA ARCE, S.L.	B15072713- B15547979	37,60 / 40,00	23,95 / 60,00	61,55 / 100,00
2	FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U.	A28541639	27,25 / 40,00	33,92 / 60,00	61,17 / 100,00
3	VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.	A28760692	22,50 / 40,00	20,50 / 60,00	43,00 / 100,00

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de servizos denominado “SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA NO CONCELLO DE OLEIROS” a empresa “CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L. - JARDINERÍA ARCE, S.L., UTE” (B15072713-B15547979) por un importe de 4.015.000,00 € (4.416.500,00 € IVE incl.); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

2.- 2024/CONTRAT/000046: 2ª LICITACIÓN DO ALLEAMENTO DE PARCELAS PARA A CONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS PLURIFAMILIARES INTEGRANTES DO PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO, POR PROCEDIMENTO DE POXA.

Por Decreto da Alcaldía nº 2024002402 de data 9 de maio do 2024, aprobouse o procedemento aberto para a contratación contrato privado denominado “ALLEAMENTO DE PARCELAS PARA A CONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS PLURIFAMILIARES, INTEGRANTES DO PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO, A TRAVÉS DE POXA E PROCEDEMENTO ABERTO.”

Constitúe o obxecto do contrato o alleamento por este Concello das parcelas integrantes do patrimonio municipal do solo para construción de vivendas libres e procedemento aberto, que se citan a continuación:

PARCELA	UBICACIÓN	REFERENCIA CATASTRAL	SUPERFICIE	EDIFICABILIDADE	TIPOLOXÍA E USOS	VALORACIÓN
M7-B do SUD-1 Cividáns-Mera	Rúa Eduardo Galeano, 1 15.177 - Mera - Serantes	3831606NJ5033S0001EG	745,77 m ²	1.910,07 m ²	Vivenda e comercial. 15 vivendas.	734.385,86 €
R-2 do POL-31 A Rabadeira	Rúa Obelisco, 6 A 15.173 - Oleiros	5383975NH5958S0001II	370,72 m ²	590,90 m ²	residencial, 6 vivendas	208.469,19 €
R-4 do POL-31 A Rabadeira	Rúa Obelisco, 6 15.173 - Oleiros	5383977NH5958S0001EI	809,52 m ²	1282,42 m ²	vivenda e comercial. 13 vivendas	452.478,01 €
Parcela 2 do POL-15 Neira Vilas (36,76%)	Corredoira das Viñas, 7 15.172 - Perillo	0885133NH5908N0000QW	718,61 m ² (264,17 m ² parte municipal)	1707,21 m ² (total; ten parte libre e parte protección)	a parte municipal podería ocupar 6 vivendas libres ou 8-9 protección, segundo o reparto que se realice	408.341,09 €
R-1 POL-5 Mera - proindiviso 10%	Rúa Curros Enríquez, 15 15.177- Mera - Serantes	4032104NJ5043S0001QL	590,78 m ²	2627,61 m ² (munic. 262,76 m ²)	á parte municipal correspóndelle 2-3 vivendas en función da distribución; tamén hai uso comercial	128.833,66 €
TOTAL SEN IVE						1.932.507,81 €
IVE 21%						405.826,64 €
TOTAL						2.338.334,45 €
VALOR ESTIMADO A EFECTOS DE DETERMINACIÓN DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN						1.932.507,81 €

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 9 de maio do 2024 e no BOP nº 93 de 14 de maio do 2024

Rematado o día 10 de xuño do 2024 o prazo de presentación de ofertas, resulta que non se presentou ningunha.

Xa que logo, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes acorda:

PRIMEIRO.- Proponerlle ao órgano de contratación que se declare deserta esta licitación ao non terse presentado licitadores.





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

Non habendo máis asuntos a tratar, eu, como Secretario, certifico co visto e praxe da Presidenta.

En Oleiros, asinado dixitalmente polo Secretario da Mesa de Contratación, don José Manuel Díaz García, e a presidenta da Mesa de Contratación D^a Sandra Fernández Fernández, Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación.

